

AVISO FITOSANITARIO ENFERMIDADES FÚNXICAS DOS PIÑEIROS

Co nome xenérico de «enfermidade das bandas do piñeiro», «banda das acículas do piñeiro» ou «os vermellos criptogámicos» denomínase un conxunto de especies de fungos que afectan ás acículas de diferentes tipos de piñeiros e outras coníferas.

Os danos son causados sobre o xénero *Pinus*, as masas máis afectadas son as de piñeiro insigne (*Pinus radiata*) seguidas das masas de piñeiro negral (*Pinus nigra*) e de piñeiro do país (*Pinus pinaster*). As masas de piñeiro insigne (*Pinus radiata*), son repoboacións artificiais, que no seu conxunto teñen as características que favorecen o ataque de pragas e enfermidades, ao ser masas puras e coetáneas dunha especie exótica.



Esta enfermidade é coñecida nos nosos piñeirais durante moitas décadas, en 1974 detectouse a entrada do fungo *Dothistroma pini*, que provoca a enfermidade da banda vermella que produce unha defoliación severa. No 1997 detectouse en viveiro a presenza doutro patóxeno próximo ao primeiro, chamado *Lecanosticta acicula*.

Estas enfermidades producen o secado e defoliación das partes inferior e media das árbores. Considérase que pode afectar á produción cando a defoliación alcanza porcentaxes superiores ao 25% das acículas e o crecemento das árbores se detén cando a defoliación supera o 75%.

Dende a **Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal** actualmente estanse a realizar uns **tratamentos con abono foliar**, tanto nos **Hortos de Sementes** coma nos **Montes Veciñais en Man Común** que se atopan xestionados pola Xunta de Galicia, co fin de fortalecer e mellorar a resistencia dos piñeiros danados por enfermidades fúnxicas xa que é un método para nutrir as árbores e conseguir que obteñan os micronutrintes que necesitan.

